

Rewind

de Borja Fernández e Uxía P. Vaello

09



Lugar de residencia

Nave da AGADIC
Santiago de Compostela

Data de residencia

Agosto - setembro 2009

Borja Fernández e Uxía P. Vaello traballan habitualmente no campo das artes escénicas. Se en *Play*, a súa primeira produción conxunta, o proceso de creación converteuse en protagonista achegando ao traballo unha tintura experimental canto a sistemas para o encontro de material escénico, *Rewind* conforma un paso máis nesta pescuda. Así, o proceso de creación artística é practicamente o centro temático deste proxecto.

Este solo de teatro-danza presenta como tema central o pasado como fantasía do presente, isto é, como a percepción e posterior descrición das cousas que existiron dalgunha maneira dan lugar no presente a fantasías, ilusións e contos de fadas.

Proxecto desenvolvido polo Centro Dramático Galego.

Borja Fernández

Intérprete multidisciplinar autodidacta, é cofundador da compañía de novo circo Pistacatro Productora de Soños e integrante do grupo de música experimental Es un árbol.

En 1999 funda xunto con Marta Pazos a compañía Belmondo, coa cal actúa nas pezas *Lolamento (Im zorry)*, *Sidecar*, dirixida por Carlos Santiago, e *Jean Paul*, baixo a dirección de Montse Triola. Traballa con compañías e profesionais do teatro e da música como Teatro Ensalle, Chévere Teatro, Arrepentimentos de Padrón, Avelino González, Carlos Santiago, Fran Pérez, Trigo Limpo-Teatro Acert (Portugal), así como coas bailarinas e coreógrafas Mercé de Rande e Uxía Vaello. Participa activamente en accións como Ultranoites (cabarés colectivos da Sala Nasa, en Compostela) ou eventos da Asociación de Novo Circo e Cabaré Galega Pista Cinco: Festas do Circo ou o Festival d'Gorra.

Para o CDG traballou anteriormente nas montaxes *Illa Reunión* e *Noite de Reis*. Ou o que queirades, así como na coprodución *Kamikaze* xunto a Pistacatro Productora de Soños.

Uxía P. Vaello

Licenciada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e en danza pola Escola Superior de Danza de Lisboa, completa os seus estudos en danza contemporánea con profesionais como Rui Horta, Elena Córdoba, Andrés Corchero, Anabelle Bonnery, Angélique Wilkie, Guillermo Weickert ou Margarida Bettencourt, entre outros. Dende 1989 estuda outras disciplinas de danza como danza clásica, ballet galego, claqué ou danzas sagradas afrobrasileiras.

Traballa en compañías como Amercédascirkunstancias (*Fiando o Kaos* e *Proxecto Zocas*), Martha Cardozo (*Involuta*) ou Pistacatro (*Kamikaze*). En 2007 realiza o solo *Arder nun hotel*, co apoio do CCG. É tamén mestra de técnica de danza contemporánea e composición.

Artistas colaboradores

Ricardo Ramírez

Artista plástico colombiano.

Alfonso Castro

Iluminador.